

PROTOCOLO DE ADESTRAMENTO CON FINS DE COMPETICIÓNS PARA AQUELAS ESPECIALIDADES DEPORTIVAS QUE NON SE DESENVOLVAN EN TERREO CINEXÉTICO.

Cando sexa necesario realizar adestramento con fins de competicións no caso daquelas especialidades deportivas da modalidade de caza que a súa práctica non se desenvolvan en terreo cinexético, deberá terse en conta o seguinte:

1. Se o Adestramento se realiza en instalacións deportivas:

Considerase instalación deportiva ao aire libre, toda aquela instalación deportiva descuberta, con independencia de que se atope ubicada nun recinto pechado ou aberto, que careza de teito e paredes simultaneamente, e que permita a práctica dunha modalidade deportiva.

Condições para adestrar nas instalacións deportivas:

1. A actividade deportiva nestas instalacións requirirá a **CONCERTACIÓN DE CITA PREVIA** coa entidade responsable da instalación, que para elo, organizarase en turnos horarios, fóra dos cales non se poderá permanecer nas instalacións.
2. Deberá respectarse o **LÍMITE DO 30% DA CAPACIDADE DE AFORO DE USO DEPORTIVO**, tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite aglomeración de persoas e que cumpra coas medidas de seguridade e protección sanitaria.
3. **SÓ SE PERMITIRÁ A PRÁCTICA DEPORTIVA INDIVIDUAL** ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.
4. **DEBERÁ LIMPARSE E DESINFECTARSE A INSTALACIÓN** de acordo coa normativa vixente durante o Estado de Alarma. Asemade, á finalización de cada turno procederase á limpeza das zonas comúns e, en cada turno, deberase limpar e desinfectar o material compartido despois de cada uso. Ao rematar a xornada procederase a efectuar a limpeza da instalación, reducíndose a permanencia de persoal ao número mínimo suficiente para a prestación axeitada do servizo.
5. **NON SE PODERÁ ABRIR AOS USUARIOS NIN OS VESTIARIOS NIN AS DUCHAS.**
6. Se na instalación deportiva se realizan outras actividades, ou se prestan outros servizos adicionais non deportivos, deberan de cumprir coa normativa específica que en cada caso corresponda.

2. Se o Adestramento se realiza ao aire libre, é dicir que a especialidade deportiva non requira nin de instalación deportiva nin de terreo cinexético para a súa práctica:

No caso daquelas especialidades deportivas de Caza que a súa práctica non se desenrole nin en instalación deportivas nin en terreo cinexético, poderá adestrarse ao aire libre nas seguintes condicións:

1. De xeito individual e ao aire libre.
2. Dentro da provincia de residencia do deportista federado, podendo facer uso do vehículo para o deprazamento se fora necesario.
3. Dúas veces ao día, dentro das seguintes franxas horarias:
 - De 6 a 10 horas
 - De 20 e 23 horas
4. Respectando as medidas de hixiene e prevención fixadas polas Autoridades Sanitarias:
 - Respectar a distancia de seguridade interpersoal de dous metros, e cando isto non sexa posible usar mascarilla obrigatoriamente.
 - Non compartir utensilios, nin utillaxe de comida ou bebida.
 - Limpar e desinfectar os utensilios de caza e o vestiario despois do seu uso.
5. Portar, aos efectos de acreditación de deportistas federado, a licenza federativa da Federación Galega de Caza en vigor, Documento Nacional de Identidade e documentación dos animais.